

ferradura en tránsito

Xuro que loitarei para que a miña lingua alcance o máis amplo uso social, dentro e fóra da miña comunidade, e obteña a máxima difusión e recoñecemento en todos os ámbitos sociais.(Noeli Pocatererra)

« as cousas claras... e os touros para wert, que é o que sabe facer
as costuras da liberdade »

Lector, Lector e Lector...e o amor

Filed under: ACTUALIDADE LITERARIA, CRÁ“NICA DA CRÁ“TICA — 14 Decembro 2012 @ 2:41 p.m.

Lendo no Galicia Confidencial a crítica do poemario Lusocuria de Verónica Martínez Delgado, marabillaronme tres comentarios feitos sobre a miña crítica. Sempre é unha marabilla que alguén lea; se ese alguén le un libro e tamén a crítica, a marabilla eleva o seu ton; e se ademais socializa a súa opinión xa estamos en termos superlativos.

Non sei se son tres os valentes autores dos comentarios, ou é un só, ou dous, ou aínda se nin sequera son do sexo masculino. E láméntoo, nesta anotación en celebración bonito sería dicir os seus merecentes nomes.

Logo, que estean de acordo ou non coa crítica, iso xa é engadidura de mel nas filloas. En todo caso tiveron a xenerosa valentía de escribir e agora podemos dialogar.

En calquera caso os tres lectores reclaman un meirande papel do amor no poemario. E aínda admintindo que o concepto de amor é tan amplo como para que haxa quen non recoñeza amor no que para outros é inequívoco signo de amor, extremo ben máis frecuente do que pode parecer, eu meditei moito poñer ese título ou non, e decidíume un factor derivado do propio poemario: se a palabra amor está presente poucas veces, tampouco a súa familia léxica o está moito, igual que o seu campo semántico.

Malia todo iso non desautoriza completamente as tres opinións. Ben puidera ser que tal amor teña presenza implícita. En todo caso córréseme que este é un bon momento para comentar algo que non incluíu na crítica a pesar de que me chamou a atención, e quizá nunca o faría de non ser por eses comentarios. Refirome ao feito de que campo semántico de «foder» tampouco me pareceu tan amplo como se podería agardar.

Mais, case independentemente diso, felicítome porque aínda haxa xente cun concepto tan amplo do amor. Non é para menos.